


Cabaleiro Das Cunchas

Cabaleiro De Bouzas

Cando a Vieira xurdiu coma estandarte universal do Xacobeo

Conta a lenda, e vellos documentos así o testemuñan, que a un lugar de Galicia chamado Bouzas viñeron dous mozos de importantes e moi sinaladas familias celebrar as súas vodas.

Esta pequena e moi fermosa vila mariñeira á beira do Atlántico, sitúase ao sudoeste do reino de Galicia, fronte as illas que, a causa de aparecer nos mapas un pouco máis ao sur do que de feito o están, na Idade Media son chamadas Illas de Baiona e, xa moito antes, Cicas et Deorum, é dicir, as illas Cicas e dos deuses.



Nada había de excepcional nesta elección. A familia da noiva, dama principal procedente de Gaia, no reino de Portugal, e a familia do noivo, cabaleiro procedente de Amaia, no reino de Galicia, acordaran celebrar as vodas nesta vila, dunha banda porque o pai do noivo procedía de alí e aínda mantiña nela moitas terras e importantes posesións, e doutra porque, ao estar situada a medio camiño entre Gaia e Amaia, facilitábaselles a viaxe a unha parte dos moitos convidados que, doutro xeito, se verían obrigados a unha longa viaxe a través dos dous reinos.

Bouzas, polo tanto, adornada e disposta como se fose

ela mesma unha noiva, bulía de excitación e dun movemento moi fóra do cotián recibindo e acomodando aos convidados que chegaban cansos despois das xornadas de viaxe, a meirande parte deles cabaleiros moi principais dos dous reinos, e aos seus séquitos e animais, e arranxándoo todo para a festa, que duraría unha semana e na que se prevían longas xornadas de xogos e leceres como tempo había xa que non se vían por aquelas terras.

Así, con moita excitación transcorreron estas xornadas para o noivo, desexoso de que chegase á fin o día da voda e ledos a causa de tantos reencontros, ata que en Bouzas recibiron o aviso de que a comitiva da noiva chegara a durmir a tres leguas de alí. E tan grande foi o pracer que con aquel aviso recibiron que o noivo e os demais cabaleiros que con el estaban decidiron que, todos xuntos, e con eles todas as señoras, saírían recibir á comitiva a dúas leguas da vila, polo camiño real.

E así se fixo e, nada máis alborecer o día seguinte, todas as señoras, magnificamente engaladas sobre os seus palafreiros, e todos os cabaleiros, aparelhados os seus corceis e ataviados eles segundo a súa calidade e condición, puxéronse en marcha para saírles ao encontro.

Cando a noiva viu a toda aquela xente que ía cara a eles, ao momento comprendeu o que acontecía e, entre todos, buscou a face daquel a quen con ela ían casar. Atopouno axiña, pois ía na cabeza da comitiva dacadalo dun magnífico corcel baio, e sentiuse fondamente turbada, e compracida, porque aquel rapaz que ela coñecera catro anos atrás convertérase nun mozo fermoso e de gran apostura, e cando as dúas comitivas se

atoparon aínda lle duraba a turbación.

De súpeto, ante a ollada moi atónita de todos, o noivo apeouse do cabalo e, levándoo pola brida, foi cara aos que serían os seus sogros. Eles déronlle voces de que tal non fixese, mais el non lles fixo caso e chegou a pé ata eles, dicíndolles:

-Amados señores, todos nós e toda esta vila de Bouzas poñémonos aos vosos pés.

Eles, moi compracidos, apeáronse tamén e abrazárono coma un fillo, e igual exemplo seguiron os pais do noivo e axiña todos abrazáronse e cumpríronse como correspondía a señores e damas tan principais.

A nai do noivo, mirando á moza aos ollos, foi cara a ela e tomouna nos seus brazos, e bicouna, dicindo:

-iFilla, agradezo este día que pola túa gran fermosura nos é dado, que ela sexa causa de remediar todos os nosos traballos e fatigas con moita paz e ledicia de aquí en adiante!

A doncela, conmovida, non fixo máis que chorar de pracer e ningunha cousa lle respondeu, mentres a señora e todos os presentes volvíanse cara o seu fillo.

Por un intre todos se cataron en silencio. Logo o mozo adiantouse cara a súa prometida e, caendo de xeonllos diante dela, sen ousar mirala, díxolle:

-Señora, rogo aos ceos poder estar aos vosos pés toda a miña vida, que xa é vosá.

Ela asentiu, arrubiada, coa ollada aínda acendida polo escintilar das bágoas, e todos os que alí estaban presentes marabilláronse da fermosura da doncela, e máis que ningún deles o noivo que, erguéndose do chan, a tomou da man e a conduciu onda o seu palafrén e axudouna a montar, atónito de pracer e sen ser quen de dicir ningunha outra cousa.

E logo, mentres cabalgaban xuntos cara a vila, o cabalo dun canda o da outra, el confesoulle, se afastar a ollada do camiño:

-Señora, nunca supuxen que aquela cativa coa que me prometían puidese chegar a ser unha muller tan fermosa como vós o sodes.

Ela sorriulle, finxindo indiferenza.

-Señor, a beleza das mozas múrchase axiña, máis axiña aínda cá dalgunhas flores. Só espero que, antes de que iso aconteza, atopedes en min algunha outra virtude.

El volveuse cara a ela e catouna ao seu sabor,

engaiolado con aquela que, ademais de fermosura, amosaba tan bo tino e xentileza.

-Atopareina, perdede coidado -contestoulle.

A doncela volveu sorrirle.

-Entón quizais eu faga o mesmo con vós.

El devolveulle o sorriso.

-Tan grande é a forza coa que xa vos ama o meu corazón que só pode vos servir como aquel que sen ser seu é todo voso.

-¿Meu? -dixo ela-. ¿Desde cando?

-Desde cando vos praza.

-¿E se agora me pracese?

-Entón téñome xa e tereime por voso para vós servir, sen que ninguén, nin eu mesmo, sobre min señorío teña mentres viva.

-Práceme que así sexa -contestoulle ela, sabendo que, en verdade, gran señorío tiña sobre el.

Nisto e noutras cousas, con moito pracer falando, albiscaron a vila de Bouzas no horizonte, e tan fermoso estaba o día, e tan fermoso o mar, que os dous namorados sentíronse apreixados polos mellores presaxios mentres eran recibidos con gran agarimo e celebración por todos os que na vila ficaran. E todo estaba tan ben disposto e con tanta fermosura adornado, que señoras, donceis, escudeiros, cabaleiros e doncelas fitaban para todas partes sen deixar de sorprenderse. E está ben dicir que os únicos que tal cousa non facían eran os noivos, pois só tiñan ollos a unha para o outro.

Unha vez apousentada a comitiva, cadaquén consonte a súa condición, no mellor casal da vila, os viaxeiros tiveron o seu tempo para descansar e lavarse e prepararse segundo seu agrado, mentres a familia do noivo dispúñao todo para o xantar e os xogos que serían o preludio das festas da voda, ao día seguinte.

Cando de novo todos os convidados se reuniron, e pese a haber entre eles moitas damas ben fermosas e moi principais, a noiva, xa mudada das roupas de viaxe, estaba tan fermosa que todos dicían que non viran nunca unha doncela tan belida. E quizais aquilo fose certo, pois non hai na terra afeite comparable á ledicia do amor, e ela gardaba unha gran cantidade no seu peito.

A familia do noivo dispuxera pór as mesas nos portais das súas hortas e alí foi servido o xantar para toda aquela compañía, tan ricamente e con tanta abundancia de



viandas e viños e froitas de todas clases, que unha gran marabilla era velo, cadaquén segundo o seu estado o merecía, e todo feito con moita orde e perfecta dilixencia.

Os pais dos noivos sentaron xuntos, conforme a eles lles praciá, as demais donas e cabaleiros fixeron outro tanto, e así fixeron todos, de tal xeito que os namorados permaneceron sempre xuntos, como se o tempo de non verse lles pesase moito máis que promesa de todo o tempo que aínda terían por diante.

A piques xa dar por rematada a comida, o noivo volveuse cara a un dos criados e faloulle moi en segredo. Ela, moi sorprendida, mirouno facer, mais como era moi discreta non dixo nada.

-Amiga, -díxolle entón el- se vós dádesme licencia, quixera solicitar unha cantiga para vos cumprir, pois ben é certo que eu non son quen de dicir o que meu corazón sinte por vós.

Ela asentiu moi compracida.

-Dóuvola, amigo.

E como os dous catábanse con tanto amor, non viron que canda eles chegaba un mozo novo de maneiras tranquilas cun laúde na man. O mozo situouse diante da doncela e comezou a tanguer o seu laúde.

Todos, sorprendidos, volvéronse cara ao xograr e calaron, pois moi fermoso era o son do instrumento na paz tarde, e moi harmoniosa e ben timbrada era, en verdade, a súa voz.

Un tal home sei eu, ai bem tallada que por vós tem a sa morte chegada, vede quem é e sexades vos lembrada; eu, mia dona.

Un tal home sei eu que preto sente de si a morte chegada certamente vede quem é véñavos en mente; eu, mia dona.

Un tal home sei eu, aqesto oíde que por vós morre e vo-lo en partide, vede quem é e non se vos obride; eu, mia dona.

Todos aplaudiron moi alborozados e máis alborozada que ninguén a noiva. Logo, chamando ela cun aceno ao xograr, faloulle moi en segredo tamén. Cando rematou, o mozo asentiu cortés e, volvéndose cara ao noivo, tanguer unha vez máis os seu instrumento e cantou:

Ai, Deus, se sab'ora meu amigo com'eu señoira estou em Vigo!

E vou namorada!

Ai, Deus, se sab'ora meu amado com'eu em Vigo señoira maño!

E vou namorada!

Com'eu señoira estou em Vigo, e nulas gardas nom ei comigo!

E vou namorada!

Com'eu em Vigo señoira maño, e nulas gardas migo nom traio!

E vou namorada!

E nulas gardas nom ei comigo agás meus ollos que choram migo!

E vou namorada!

E nulas gardas comigo traio agás meus ollos que choram ambos!

E vou namorada!

Unha vez máis as xentes do xantar aplaudiron a cantiga, non só alborozada pola súa fermosura senón polo moito amor que había naquelas palabras e que era o reflexo do moito amor que os noivos se tiñan. Eles tamén sorrían e aplaudían, arrubidos polo moi gran pracer que sentían, e todos pensaban que en verdade sería difícil atopar no mundo outros dous mozos tan xentís e que tanto amor se tivesen.

Logo de rematado o xantar, cando se levantaron as mesas e se deron grazas, a meirande parte dos cabaleiros e as súas cuadrillas foron armarse e montar, e tal fixo tamén o noivo, mentres a noiva, coa súa familia e o resto dos convidados, marchaban cara á praia de Bouzas onde xa todo estaba disposto para os xogos da tardiña.

A praia era unha media lúa de area branquísima, como corresponde ás praias todas deste reino de Galicia, rematada nunha banda por un outeiro cuberto dunha carballeira e noutra banda polo penedo que, entrando no mar, era chamado de Roade. Dende ela, cara ao oeste, podíase ver a desembocadura da ría, pechada polas tres illas que resgardaban aquelas augas do bater do océano, e, enfronte, na outra banda da ría, a vila de Cangas, tamén, coma Bouzas, asomada ao mar.

Un barco pequeno, de dous paus, cruzaba naquel intre por diante das illas, e a doncela, pese á beleza das súas velas inchadas polo vento, e pese ao seu suave deslizar cara ao norte, sentiu un arrepío e unha dor no corazón, como unha pequena daga cravándose no peito.

A súa curmá, e máis querida amiga, que estaba ao seu carón, decatándose do seu tremor preguntoulle:

-¿Como, curmá? ¿Tedes frío? Pois mirade que está ben tépeda a tardiña...

Ela negou, interrompéndoa, mentres sinalaba unha das cuadrillas que xa chegaban á praia, preparada para



participar no xogo.

-Non é nada, curmá, é a ledicia de ver ao meu amigo tan fermoso e ben disposto. Dícideme a verdade ¿a que xamais vistes outro coma el?

A súa curmá arrubiose.

-Ben certo é que o voso amigo é un cabaleiro fermoso e sen par, pero teño que confesarvos que eu tamén teño amigo...

A noiva devolveulle o sorriso e a súa curmá sinalou coa ollada a un dos cabaleiros das terras portuguesas, que se dispuñan para ser os primeiros en participar.

A noiva, que moito e moi fundamente a amaba á súa curmá, dixo entón:

-Ben afortunadas somos as dúas, curmá, pois non hai nesta festa nin na terra toda outros dous amigos coma eles.

E as dúas sorriron con gran ledicia.

O primeiro xogo era o chamado xogar cañas, e nel os cabaleiros e as súas cuadrillas debían guindar as súas lanzas ao aire e recollelas antes de que tocasen o chan. Quen máis veces isto fixese, e máis lonxe guindase as lanzas, gañaría.

A primeira cuadrilla que saíu foi aquela do cabaleiro portugués do que elas con tanto coidado estaban a falar, cabalgando con presteza e botando as súas lanzas ao aire, moitas veces e ben lonxe, tanto que era marabilla velo. A medida que os cabaleiros da cuadrilla ían perdendo as súas lanzas, retirábanse, ata que só quedou o cabaleiro portugués que a curmá da noiva moito amaba. Ao saberse só, o cabaleiro virou o cabalo, guindou a lanza máis lonxe do que nunca antes fixera e, meténdolle espora ao cabalo, galopou e recolleuna xusto antes de que tocasse a area.

Todos aplaudiron e berraron alborozados, e máis que ninguén a noiva e a súa curmá, que tanto se amaban, pola destreza e ben facer daquel mozo. El, sorrindo, enfiou ao trote cara a elas, inclinouse sen desmontar moi cortés diante da súa amiga, e volveu onda os seus para seguir os xogos.

Logo saíu a cuadrilla duns cabaleiros moi principais chegados de Viana e, aínda que moito se esforzaron, axiña perderon as lanzas sen fazaña ningunha digna de ser mencionada. Aínda así, e como todos eran moi ben avidos, as xentes aplaudiron e divertíronse, e eles moi contentos semellaban facéndose bromas sobre as probas que aínda faltaban por xogar.

Os seguintes en participar foron os cabaleiros da cuadrilla do noivo, con el á cabeza montando un magnífico corcel dos que chaman tordos, pola súa pelaxe branca e negra, e de novo as xentes alborozáronse, moi marabilladas do ben que levaban os seus cabalos e guindaban as súas lanzas aqueles cabaleiros pola praia adiante.

Nunha destas demostracións, cando só quedaban na area o noivo e outro cabaleiro, o noivo quixo superar o movemento do cabaleiro portugués, e virou o seu cabalo facéndoo rebrincar, coas patas dianteiras moi levantadas, mentres guindaba ben lonxe a lanza, sen esperar, como aquel fixera, a telo enderezado, con tan mala fortuna que a lanza foi cara ao mar. Pero o cabaleiro era valente e ben adestrado nas armas e na arte de montar e, sen dubidalo, meteulle espora ao cabalo e saltou, por riba das ondas, seguindo a traxectoria da lanza.

Todos deron exclamacións de sorpresa, pois de gran destreza era aquel salto e de gran beleza era a imaxe do cabaleiro, sen helmo, coa cabeza descuberta e capa curta, e o seu corcel branco e negro, os dous como voando sobre a espuma branca e queda das ondas da beiramar. Pero despois, cando viron que o cabaleiro afundía e non volvía aparecer, a marabilla trocouse en horror e os berros de alborozo en chíos de desesperación, mentres os cabaleiros xa montados galopaban cara ao lugar da desgraza e os demais montaban dun pulo para seguios, e as xentes todas botaban a correr pola area en gran confusión e, entre elas, a noiva. Cando chegaron á beira, co rostro demudado, non viron nela máis que a lanza aboiando nas augas, sen dono e sen rumbo e sen que ninguén ousase entrar a recollela. Pois ben certo é que aquelas augas non eran fondas nin perigosas, nin nunca antes cousa igual acontecera, e ben semellaba aquilo máis cousa de encantamento que de monstros ou fenómenos naturais, pois o mar estaba tranquilo coma un espello e nada, agás aquel barco que cruzaba a entrada da ría cara ao norte, movíase nela.


Así, todos demudados, uns dando voces, outras con moitas bágoas nos ollos, algúns repenando o pelo, outras caendo na area sen vontade nin consciencia, cadaquén amosaba a súa dor e desesperación pola perda de tan nobre e cumprido cabaleiro no esplendor da súa moita xuventude.

Só a noiva non fixo tal e, en silencio, coas roupas e os cabelos axitándose na brisa, seguiu fitando o mar.

Moito tempo.

E mentres os demais choraban, ben abrazados, ben a soas coa súa moi grande dor, segundo mellor consolo cadaquén obtiña, só ela viu as escumas da beira rebulindo e, entre as escumas, asomar a cabeza do





corcel, e tras ela a cabeza descuberta e a face do seu amigo, e logo os corpos, e era moita a súa sorpresa pois ámbolos dous, home e cabalo, estaban completamente cubertos de cunchas de vieira, el as botas e os vestidos e os panos todos, o cabalo os arreos, as estribeiras, e a sela, tan xuntas as cunchas unhas das outras que máis semellaban un monstro dun só corpo e dúas cabezas que un home dacabalo.

E como fose que alguén berrase advertindo do suceso, todos calaran e fitábanos con gran asombro, a un tempo ledos e moi temerosos do prodixio, mentres o cabaleiro esporeaba o cabalo cara á terra e saía do mar cun son de cascos e rozamento de cunchas que a todos, naquel silencio que gardaban, facía estremecer.

A todos, agás á noiva, que correu cara a el pola area e, berrando de pracer, suxeitou a brida do cabalo.

-iAmigo! –só dixo.

E en verdade había tanto amor e tantas outras palabras agachadas naquela, que foi como se un encantamento se rompese e as xentes todas semellaran acordar, e tamén elas, berrando con moita ledicia, correron a arrodear ao cabaleiro para axudalo a desmontar e ofrecerlle a súa axuda.

Pero o cabaleiro, que en verdade semellaba outro na gravidade da súa ollada, nin catou á doncela nin se deixou descabalar, mentres alzaba a man dereita para solicitarlles silencio.

Ninguén ousou desobedecelo, tan grande era a forza da súa ollada e a gravidade da súa expresión, e todos calaron, catándoo moi atentos e inmóbiles.

-Señoras e doncelas, amigos ben amados, cabaleiros e donceis de ben, amiga moi amada, amados pais -dixo el-, escoitade con atención, pois moi gran milagre aconteceume e moi marabilloso suceso teño que vos relatar.

E o cabaleiro abaixou por vez primeira o rostro cara á súa amiga, que aínda sostiña a brida do corcel.

Ela, sen cor na face, devolveulle a ollada en silencio.

Logo el volveu mirar a todos e proseguíu:

-Védesme aquí cunchado e tendes que saber que moitas e sen par marabillas hai neste suceso.

As xentes, temerosas, botáronse cara atrás abrindo o cerco que formaran en torno ao cabaleiro. El, ao decatarse, alzou de novo a man para detelos.

-Non fuxades, pois nada de sortilexio nin meigallo hai

nestes sucesos, senón de moito amor co que o único Deus e señor de todas as terras e todos os ceos quixo honrar a través de min a un dos seus máis cumpridos e fieis vasalos.

Sabede que, dende que afundín, acontecéronme varios milagres. O primeiro foi que, despois de estar longo tempo mergullado nas augas sen que por iso ningún mal nin a min nin ao cabalo nos viñese, de súpeto saímos á superficie e, como se o mar fose terra, sobre a súa superficie mantivémonos. O segundo milagre foi que estábamos onda aquela nave que alí vedes...

O cabaleiro calou e sinalou a nave que, coas velas inchadas polo vento e o seu rumbo fixo cara ao norte, tal e como, con tanto abraio, a vira a doncela, estaba a piques xa de desaparecer da vista tralo cabo das terras de Cangas.

E toda a xente, moi marabillada, lanzou voces de exclamación, pois moita era a distancia que, entre as praias de Bouzas e a ruta daquela nave, había.

-Tende por ben certo todo isto que vos digo –proseguíu o cabaleiro- e tamén o feito de que, nada máis saír nós ao seu carón, o vento amainou de socato e as velas da nave desincháronse, e o casco quedou bambeando sobre o mar, moi suavemente.

E o terceiro e máis singular milagre é que así os meus vestidos como os arreos do cabalo estaban todos cubertos de cunchas de vieira, desta guisa que vós vedes.

Todas as xentes estaba en verdade moi marabilladas polas palabras do cabaleiro e as cunchas que o cubrían, e ninguén dicía palabra e todos catábano.

O cabaleiro proseguíu:


-Estaba eu moi marabillado de tan inopinado suceso cando os pasaxeiros e tripulantes da nave asomáronse e, tan atónitos coma min, preguntáronme:

-¿Como, señor, chegastes vós aquí, e que facedes cunchado e pisando o mar coma se pisases terra? ¿Acaso pairastes vós a nosa nave, que vén con ventos favorables desde Jaffa sen, ata este momento, deterse xamais?

Eu negueilles que tal fixese, dicíndolles:

-En verdade non son eu quen de virar o vento e de pairar as naves que con el viaxan, e nada podo explicarlles do que estou a facer aquí, no medio da ría, todo cunchado, agás que eu estaba xogando cañas naquelas praias que alí vedes, e que entrei no mar e que saín ao voso carón, pisando este mar como se pisase terra.





Eles entón, moi emocionados, alzaron os seus ollos ao ceo e exclamaron:

-Verdadeiramente quere Xesucristo manifestar o seu poder diante de ti e daqueles que en terra están, para ben e honra deste o seu vasalo que nós levamos nesta nave para darlle cristián enterramento.

Eu entón pregunteilles quen era Xesucristo e quen aquel vasalo, e cal era o ben e a honra que por medio daquela milagre a el lle podería vir. E eles contáronme toda a historia deste apóstolo chamado Santiago, así as súas fazañas no seu esforzado servizo no nome de Xesucristo, como os moitos milagres co que Xesucristo o honrara pola súa forte fe e confianza nel.

Eu, ante aqueles feitos, non puiden menos que dicirlles:

-Señores, polo nome de Xesucristo, que todos eses milagres fixo, prégovos que me ensinedes esa crenza, que moito sabor hei eu de oíla e de aprendela.

E eles así o fixeron, do mesmo xeito que antes a eles Santiago lla ensinara, e eu aprendina moi ben porque moito a comprendía o meu corazón e moi benaventurado sentíame ao escoitala.

E cando remataron, díxenlles:

-Amigos e señores, vós que a Xesucristo e ao santo apóstolo tanto serviz lles fixestes, e eu, que ata agora nada por eles fixen, pregade a Deus que vos amose con que fin puxo en min estas vieiras, pois estou certo de que con algún misterio fixo tan estraña marabilla.

Entón eles fixeron oración con moito recollemento e, concluída, dixéronme:

-O noso señor Xesucristo quixo amosar por ti aos presentes e vindeiros que a este o seu vasalo quixesen amar e servir e virlle visitar alí onde fose enterrado, que leven outras cunchas coma esas das que ti estás cuberto, como selo de privilexio de que son seus e de que o serán en adiante. E El, en troques, ofrécelles que no día do Xuízo Final serán todos recoñecidos por Deus como vasalos seus, e que por amor á honra que lle fixeron a este o seu vasalo e amigo Santiago ao buscalo e reverencialo, reviviraos na Súa Santa Gloria e Paraíso.

Despois de que isto oín, pregueilles aos discípulos que me bautizasen e, unha vez concluído o sagrado ministerio, eles dixéronme:

-Amigo, vai con Deus e Xesucristo e, de agora en adiante, mentres vivas, dade testemuña deste o voso novo señor a todas as túas xentes, catequizándoas e bautizándoas como nós aquí contigo fixemos.

-Así sexa –contestei eu.

E nada máis dicilo, o vento, que ata entón permanecera en calma, feriu as velas e a nave comezou a cortar o mar, arredándose de min. E o cabalo e máis eu de novo afundimos e, no que se nos asemellou un intre, saímos aquí, na ribeira.

O cabaleiro calou e catou a todas aquelas xentes que o arrodeaban. Logo, vendo que todas lle devolvían a ollada en silencio e semellaban moi abraiadas polo relato, díxolles:

-E por todo isto é o meu desexo que hoxe aquí, e antes da celebrerazón das vodas, todos vós sexades bautizados e entredes a servir ao noso señor Xesucristo e ao seu apóstolo Santiago, pois grande graza súa obtivestes ao ser testemuñas de tan grandes marabillas.

As xentes, embargadas pola emoción, asentiron de moi bo grado, pois moi fermosas foran as palabras do cabaleiro e canto el lles relatara, e moi grande era o seu desexo de servir a aquel gran señor capaz de deter o vento e facer tan grandes marabillas para honrar a un dos seus servos.

Entón o cabaleiro, moi satisfeito, catou á súa noiva que aínda sostiña, ou se sostiña, ninguén podería aseguralo pola palidez do seu rostro, a brida do cabalo, e descabalgou indo cala a ela e tomándoa da man.

-Amiga –díxolle-, vós seredes a primeira en ser bautizada pola miña propia man, para amosarlles a todos os presentes canto amor me tedes a min e a aquel ao que desde agora eu pertenzo.

E todas as persoas que alí estaban viron como ela, cunha reverencia moi cortés, asentía y, abaixando a súa ollada anegada polas bágoas, deixábase guiar pola man do seu futuro esposo ata a beira, e entraba no mar, e anicábase, deixando flotar nel moi suavemente os baixos dos seus vestidos, mentres aquelas augas ían escurecendo máis e máis polo solpor e reflectían, como se ardese, os milleiros de lóstregos vermellos dun sol que esmorecía.

